

# PROPOSTA DE ACTIVIDADES

## • MANUALIDADE TIBURÓN

A manualidade consiste en converter un rolo de papel hixiénico en tiburón. Simplemente deberedes:

1. Cortalo da seguinte maneira.
2. Pegarlle as aletas coa parte do rolo que cortástedes no paso anterior.
3. Pegarlle os dentes, que serán previamente debuxados e cortados nun folio ou cartolina branca, o que teñades por casa.
4. Debuxarlle os ollos e as branquias. Na foto non está correcto o número de branquias que teñen os tiburóns, os nenos e nenas saben cantas son, a que sí???
5. Colorealo ó gusto.

Déixovos unhas imaxes que vos poden servir de axuda, sacadas da páxina web <https://educacion2.com/manualidades-con-tubos-de-papel/> onde tamén podedes visualizar outras manualidades con rolo de papel hixiénico.




## • MAPA CONCEPTUAL PRIMAVERA

Para facelo deberedes coller un trozo de **papel grande**, se non tedes nada grande podedes xuntar varios folios con celo. No **centro** debuxade un **círculo**: dentro deste as nenas e nenos pintarán unha planta e escribirán primavera. Agora empezamos a facer **pétalos**, cada pétalo estará adicado a unha característica da primavera, das que viron nas imaxes:

- O TEMPO:
  - escribir SOL e debuxar un sol.
  - Escribir CHOVE e debuxar unha nube con chuva.
  - Escribir ARCO DA VELLA e debuxar un arco da vella.
- NACEN AS FLORES:
  - escribir FLOR debuxar unha flor.
  - Escribir PLANTA e debuxar unha planta.
- ANIMAIS: escribir e debuxar os que máis lles gusten.
- FROITOS: escribir e debuxar os que máis lles gusten.
- VESTIMENTA:
  - escribir GORRA, GORRO e/ou SOMBREIRO e debuxalo.
  - Escribir ZAPATOS, DEPORTIVOS e/ou BAILARINAS e debuxalo.

Déixovos algunha imaxe de **exemplo** para que podades velo máis claro:



**IMPORTANTE:** Como vamos escribir nesta ocasión? Terán que buscar no documento adxunto "imaxes de primavera" do venres 27 de marzo as diferentes palabras e copialas. Se alguna non aparece terán que ser eles e elas quen a escriban. Ou, tamén poderedes facelo recordando cales eran as características da primavera, poñéndoas primeiro en común e logo escribíndoas. Como preferades.

Quen teña dificultades para escribir as palabras, déixovos a continuación unhas indicacións para facelo:


- Dar tantas palmadas (sílabas) como ten a palabra.
- Dicar o número de sílabas que ten.
- Primeira palmada, escribo o que escoito.
- Segunda palmada, escribo o que escoito.
- E así co total de sílabas que teña a palabra.

- Finalmente, é tempo de ver se falta algunha letra. Teredes que facer todos os pasos anteriores remarcando moi ben o son de cada letra para que vexan se lles falta algunha, eles ou elas mesmas poden ir completando o que lles falta se é preciso.

## • SECUENCIA TEMPORAL PROCESO CRECEMENTO FLOR

A continuación, tedes unhas imaxes que mostran o proceso de crecemento dunha flor, desde que a sementamos ata que a recollemos. Pero ollo nenos e nenas!! Fíxenlles lío lío e tedes que ordealas. Chegará con que indiquen cal vai **primeira**, cal **segunda**, cal **terceira** e cal **cuarta** (é importante que usedes os números ordinais).

Para ampliar a **actividade**, os que dispoñades de impresora poderedes imprimilas, recortalas, pegalas de forma ordenada e finalmente colorealas. Os que non, non pasa nada, poderedes debuxar as imaxes dentro dun recadro e recortalas, pegalas de forma ordenada e finalmente colorealas.



## • ENLACE ACTIVIDADES ONLINE

No enlace que vos deixo a continuación poderedes facer múltiples actividades sobre a primavera, algunha dela precisaredes imprimir ou debuxar vós. Fixádevos na parte superior dereita onde atoparedes información para facer cada unha das actividades.

<http://goguis-online.vicensvives.com/#/goguis/4/topic/5aaa4d54a661fefe39289791/unit/5a9d551c6e049bb5cc1c6355/type/ficha/5b4f0d7528246d80d52d53b4>